

Sabes que houbo
un tempo...?



Nicolás Sanjuán Framil



Martiño vive nunha pequena aldea, a medio camiño entre Santiago e Lugo, rodeado de prados onde pacen as vacas e as ovellas e de fincas nas que os veciños cultivan patacas, millo, nabizas, chícharos, tomates e moitas máis cousas deliciosas.

Vai á escola de Primaria que hai na vila. Algunhas veces dálle un pouco de preguiza coller o autobús para chegar ata alí, pero en canto se encontra cos seus compañeiros xa se lle esquece a rabia que levou cando soou o espertador.




Estes días están entusiasmados cunha
liga de baloncesto que o cole organizou
para xogar durante o recreo.



As clases son divertidas!!!

En matemáticas están a enredar
coas táboas de multiplicar...



E onte fixeron unha caza de adxectivos polo patio.

Gañou o equipo de Sabela...

pero só por un punto.



A colorful illustration of a classroom. A female teacher with long brown hair, wearing a pink and white checkered shirt, stands at the front of the room. She is smiling and looking towards the students. Several young students are seated at their desks, which are arranged in rows. Three students in the foreground have their hands raised, indicating they want to speak or ask a question. The student on the left is a girl with brown hair in a braid, wearing a blue shirt. The student in the middle is a boy with dark hair, wearing a blue shirt. The student on the right is a girl with dark hair and a pink bow, wearing a pink shirt. In the background, there is a green chalkboard with a whiteboard on top. The whiteboard has the letters A through O written on it in colorful blocks. The classroom is filled with books, papers, and a small potted plant on a shelf. The overall atmosphere is warm and educational.

Hoxe Susana, a directora, díxolles que mañá virá un señor a explicarlles que hai que falar galego e que no vindeiro curso terán unha materia dedicada a aprender galego.

Pero, por que ten que vir alguén a falarlles do galego?

Se eles empregan o galego sempre.

Non se atreveu a preguntarlle nada á directora.

Non quería meter a pata...

Pero xa tiña claro o que ía facer...

Tiña que preguntarlle a súa avoa!!



Así que cando chegou a casa
o primeiro que fixo foi buscala e
facerlle esta pregunta:

- Avoa, por que teño que
aprender galego na escola?

Martiño adoraba a súa avoa.
Era unha persoa marabillosa
que sempre tiña unha
explicación para calquera
cousa que lle preguntara.




Cando Martiño lle contou o que lles dixeran a directora, a súa avoa sorriu e díxolle:

- Sabes que houbo un tempo no que na escola os nenos non podíamos falar en galego?



- Na casa, xogando cos amigos, na tenda de don Evaristo... en todas partes falabamos en galego. Pero cando chegabamos á escola alí só podíamos utilizar o castelán.



Martiño abriu os ollos e a boca ata non dar máis.



- Si, si, coma o estás oíndo.
Cando eu era nena na escola estaba prohibido que faláramos en galego.

- O mestre ou a mestra só nos explicaba as materias en castelán e nós faciamos moitos esforzos para non responderlle en galego cando nos preguntaba algo.



Martiño non podía crer o que a avoa lle estaba dicindo.

- Martiño, na biblioteca do cole hai contos escritos en galego?
- Preguntou a avoa.




Martiño mirouna con cara de “que pregunta máis rara me estás a facer”, pero de inmediato contestoulle:

- Por suposto!



- Pois cando eu tiña a túa idade, no cole non había ningún libro escrito en galego.

Poñían todo o seu empeño en afastar de nós a nosa lingua para ver se así nos esquecíamos dela.



Martiño falaba perfectamente tanto en galego como en castelán.



Estaba moi orgulloso de poder dicir que falaba dúas linguas. Case tres... aplicábase moito nas clases de inglés e na escoita a unha rapaza dos EEUU que viña todas as semanas a xogar con eles... en inglés!

Empezaba a entender a necesidade de que nas escolas se fale e se aprenda o galego. Seguramente haxan nenos e nenas aos que lles resulta máis difícil utilizar o galego con normalidade.

- Avoa, eu non sabía que alguén che pode prohibir falar na túa lingua - díxolle Martiño.



A avoa mirouno con tenrura...

- Por iso é tan importante que, ademais de falar galego, aprendades a utilizalo correctamente.

É a base da nosa cultura.

Só coñecéndoo entenderás
nos vindeiros cursos todo
o que vos van a explicar
da nosa historia e dos
nosos escritores.





Martiño botouse a rir lembrando un anuncio que lle gusta moito da tele:

- Xa o entendo, avoa...

Ademais do de “vivamos como galegos” deberíamos aplicarnos o conto de:

“falemos como galegos”

Os dous riron a gargalladas.

